

# O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade é un traballo impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que nace cunha dobre finalidade:

- Como unha ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega, e
- Como un instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade.

No Observatorio recóllense oito ámbitos de actuación: administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.

## Subámbito das asociacións

Este tríptico céntrase no subámbito das asociacións. Aquí dáse a coñecer a situación do galego no conxunto das asociacións e inclúense datos sobre os coñecementos, os usos, e as opinións e as actitudes en relación coa lingua.

O traballo do Observatorio realízase a partir de dous enfoques:

Cuantitativo: 375 enquisas realizadas ás asociacións rexistradas en Galicia.

Cualitativo: panel de escoita, reunión á que asistiron representantes do tecido asociativo para opinar sobre diversos temas relacionados cos usos lingüísticos nas asociacións.

Para poder comprobar como evoluciona a situación da lingua galega estableceranse unha serie de indicadores que facilitarán a análise desta evolución dun xeito periódico, eficaz e sistemático.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



## Situación da lingua galega na sociedade


Observación no ámbito do tecido asociativo  
Subámbito das asociacións



# 1. Usos lingüísticos

## Comunicacións externas:

En liñas xerais, as asociacións rexistradas en Galicia empregan **maioritariamente** o galego en todas as súas **comunicacións co exterior**. Neste ámbito, as asociacións de carácter cultural e as situadas nas poboacións de menos de 50.000 habitantes son as máis dinámicas no uso da nosa lingua. Tamén é



# 2. Normas e criterios de uso lingüísticos

Nas asociacións de Galicia non é común a aplicación de normas nos seus usos lingüísticos, nin orais nin escritos. Algo máis dun terzo das organizacións enquisadas apoia, non obstante, a promoción do galego a través da posta a disposición de ferramentas lingüísticas e **un 16% confirmou contar con persoal dedicado a normalización lingüística**.

# 3. Competencias lingüísticas


O 45,9% das asociacións enquisadas considera que as maiores dificultades no uso do galego por parte dos traballadores/as se presentan na escritura, mentres **que o 80% do seu persoal ten os coñecementos axeitados de galego para o posto de traballo que desenvolve**.

importante a presenza do galego nos elementos de maior visibilidade, como a rotulación ou o nome da entidade.

## Comunicacións internas:

Nas comunicacións internas, tanto orais como escritas, o uso do galego obtén porcentaxes superiores ao 60%, agás na aplicación informática.


Gráfico: usos lingüísticos nas comunicacións orais internas



# 4. Actitudes e opinións lingüísticas

Os recursos lingüísticos considerados máis útiles son os dicionarios, os correctores ortográficos e os tradutores automáticos, que son, á súa vez, as ferramentas máis utilizadas polas asociacións galegas.

Gráfico: utilidade dos diferentes recursos lingüísticos




As tres cuartas partes das entidades enquisadas afirman que non utilizan as axudas e os recursos lingüísticos da Xunta de Galicia. **Entre estas, un 29,1% ten coñecemento da súa existencia**.

**Algo máis de seis de cada dez asociacións consideran que o uso do galego se mantivo nos mesmos niveis nos últimos cinco anos** e o 67,8% opina que se utiliza bastante ou moito no seu ámbito de actuación.

# 5. Índice de normalización lingüística (INL)

O índice de normalización lingüística (INL) da mostra de asociacións de Galicia sitúase en 56,75 puntos, o que indica un nivel medio-alto do uso da lingua. Isto débese, especialmente, ao emprego maioritario do galego en todos os niveis de comunicación e nos elementos de identificación corporativa.

Gráfico: índice de normalización lingüística das asociacións de Galicia



## \* Conclusións

• A presenza do galego é maioritaria nas asociacións de Galicia en todos os seus niveis de comunicación.

• Case as tres cuartas partes das asociacións enquisadas empregan o galego nos seus elementos de comunicación exterior, como escritos, publicacións ou mesmo a nivel oral na atención ao público.

• A nivel interno, os escritos redáctanse maioritariamente en galego e o persoal emprega esa lingua en máis do 70% dos casos.

• Por norma xeral, as asociacións non establecen criterios de uso lingüístico e apenas utilizan as axudas e os recursos lingüísticos dispoñibles. Neste sentido, existe un profundo descoñecemento sobre os recursos e axudas da Xunta de Galicia.

• As ferramentas de apoio que se consideran máis útiles e, á súa vez as máis utilizadas, son os dicionarios, os correctores ortográficos e os tradutores automáticos.

• Existe unha necesidade de promover cursos de formación que respondan ás necesidades máis reais da poboación, como os cursos de oralidade ou en modalidade de teleformación. Na actualidade apenas se incentivan.

• As previsións respecto do uso crecente do galego no ámbito asociativo non son especialmente positivas. A maioría das persoas enquisadas estima que o nivel de uso é xa bastante alto e que dificilmente se verá incrementado a curto ou medio prazo.

• En termos xerais, podemos considerar que o nivel de normalización lingüística nas asociacións de Galicia é medio-alto.

# O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade é un traballo impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que nace cunha dobre finalidade:

- Como unha ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega, e
- Como un instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade.

No Observatorio recóllense oito ámbitos de actuación: administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.

## Subámbito das entidades deportivas

Este tríptico céntrase no subámbito das entidades deportivas. Aquí dáse a coñecer a situación do galego no conxunto das entidades deportivas e inclúense datos sobre os coñecementos, os usos, e as opinións e as actitudes en relación coa lingua.

O traballo do Observatorio realízase a partir de dous enfoques:


Cuantitativo: 385 enquisas realizadas ás entidades deportivas rexistradas en Galicia.

Cualitativo: panel de escoita, reunión á que asistiron representantes de entidades deportivas para opinar sobre diversos temas relacionados cos usos lingüísticos nese ámbito.

Para poder comprobar como evoluciona a situación da lingua galega estableceranse unha serie de indicadores que facilitarán a análise desta evolución dun xeito periódico, eficaz e sistemático.




**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



# 1. Usos lingüísticos

## Comunicacións externas:

Por norma xeral, nas súas **comunicacións externas**, as entidades deportivas galegas empregan **o galego** en cotas superiores ao 50%, tanto oralmente coma por escrito. Esta dinámica é a que seguen igualmente nos elementos de identidade corporativa, como a súa papelería, catálogos ou na publicidade.



# 2. Normas e criterios de uso lingüísticos


No conxunto das entidades enquisadas non se aplican, por norma xeral, criterios nos seus usos lingüísticos. O 15,3% das organizacións deportivas apoia, non obstante, a promoción do galego a través da posta a disposición de ferramentas lingüísticas e **un 6% confirmou contar con persoal dedicado a normalización lingüística**.

# 3. Competencias lingüísticas

O 31,7% das entidades deportivas que participou na observación considera que as maiores dificultades no uso do galego por parte dos traballadores/as se presentan na escritura, mentres **que máis do 80% do seu persoal ten os coñecementos axeitados de galego para o posto de traballo que desenvolve**.


## Comunicacións internas:

No que se refire ás comunicacións internas, o emprego do **galego é maioritario** na práctica totalidade de elementos de carácter escrito, así como no nivel oral. Unicamente na aplicación informática e no grupo de persoal subalterno o uso do castelán obtén porcentaxes superiores ao do galego.



# 4. Actitudes e opinións lingüísticas

Das ferramentas lingüísticas que as entidades deportivas teñen ao seu dispor, os dicionarios, os correctores ortográficos e os tradutores automáticos son os recursos considerados máis útiles e, a súa vez, os utilizados con maior asiduidade.




Tan só unha de cada dez entidades enquisadas afirma que utiliza as axudas e os recursos lingüísticos da Xunta de Galicia, mentres que das que non recorren a eles o 75,3% descoñéceos.

O **61% das entidades deportivas de Galicia considera que o uso do galego se mantivo nos mesmos niveis nos últimos cinco anos**. En canto á percepción que os seus representantes teñen respecto do emprego da lingua galega no seu contorno, o 60,1% estima que se utiliza bastante ou moito.

# 5. Índice de normalización lingüística (INL)

As entidades deportivas de Galicia acadan un índice de normalización lingüística (INL) de 55,45 puntos, o que indica un nivel medio do uso do galego. A maior presenza da lingua obsérvase na documentación de uso externo e nos elementos de identificación corporativa, mentres que a aplicación de criterios de uso lingüístico é aínda moi reducida no mundo deportivo.

Gráfico: índice de normalización lingüística das entidades deportivas de Galicia



## \* Conclusións

As entidades deportivas de Galicia empregan maioritariamente o galego nas súas comunicacións co exterior. Os clubs situados nas pequenas poboacións acadan cifras de uso do galego superiores á media e próximas ao 75%.

O uso da publicidade é un recurso aínda limitado no que á promoción das entidades se refire, malia que é máis habitual no caso das federacións ou dos grandes clubs localizados nas cidades.

A nivel interno, o galego emprégase en máis do 60% nas notas internas e nos formularios.

En canto ás comunicacións orais, a maioría do persoal exprésase preferentemente en galego, en especial no medio rural.

O mundo deportivo apenas utiliza regras ou criterios de uso lingüístico e unicamente un 15,3% das entidades deportivas pon a

disposición do seu persoal ferramentas lingüísticas.

O persoal entrevistado considera que as actividades máis útiles para promover o uso do galego son as ferramentas lingüísticas. Isto reflíctese no feito de que consideran e utilizan, maioritariamente, os dicionarios, correctores ortográficos e os tradutores automáticos.

Existe un gran descoñecemento respecto das axudas e os recursos implementados por parte da Xunta de Galicia para a promoción da lingua.

Respecto ao futuro da lingua existe un certo optimismo. Aínda que é certo que a maioría das persoas enquisadas confirma que o nivel de uso do galego na súa entidade é xa importante, o 61% considera que a situación non vai cambiar nun futuro a curto ou medio prazo.